

Mr.Misto Films estrea un novidoso sistema de proxección con pantallas hinchábeis

Permiten tanto a proxección frontal como a retroproxección e traballan con formato 16:9

Vilagarcía de Arousa, 20 de agosto de 2007. A produtora Mr.Misto Films vén de estrear en sendas proxeccións na Praia do Portelo de Burela (Lugo) e na Praza Azcárraga (A Coruña) un novidoso sistema de proxeccións, único en Galicia, para o que emprega espectaculares pantallas hinchábeis. Mr.Misto Films conta con dous equipos de diferente tamaño e fabricados en PVC, que tanto se poden empregar en exteriores como adaptar para espazos interiores.

O sistema, adquirido en Estados Unidos, é de grande utilidade ademáis da para as proxeccións de cinema para o seu emprego en grandes eventos, dende concertos a congresos ou exposicións.

A máis pequena das pantallas hinchábeis ten unha superficie de proxección ou retroproxección, segundo o sistema que se decida empregar, de 3'65 x 2'13 metros con tea de alta definición e en formato 16:9. A estrutura completa mide 5'00 x 4'00 metros e conta e achega tamén un sistema de ancoramento ao chan.

A outra pantalla, de maior tamaño e de proxección frontal, ten unha superficie de proxección de 6'09 x 3'35 metros, tamén en tea de alta definición e en formato 16:9. A estrutura completa da pantalla mide 8'00 x 5'00 metros e vén equipada cun sistema de ancoramento ao chan.

Ambos e dous equipos albergan un espazo para a colocación de publicidade estática tanto de xeito vertical coma horizontal.

O sistema, adquirido en Estados Unidos, é de grande utilidade ademáis da para as proxeccións de cinema para o seu emprego en grandes eventos, dende concertos a congresos ou exposicións, destacando pola súa versatilidade e pola súa espectacularidade.

Boa proba dese carácter espectacular foi a impresión causada entre os máis de 700 asistentes ás proxeccións do programa *RedeCurtas* tanto en Burela coma na cidade de A Coruña. As e os que presenciaron a proxección a través deste sistema de pantallas coincidiron en sinalar que se trata dun sistema “innovador e moi chamativo”.